

ANUNCIO CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e co obxectivo de contar coa participación da cidadanía no procedemento de elaboración dunha ordenanza para o cobro polo servizo de recarga de vehículos eléctricos do Concello de Boiro, procedese a efectuar, en cumprimento do decreto da Alcaldía 97/2024, unha consulta pública a través da web municipal, co fin de saber a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura ordenanza.

Prazo: 15 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación na web municipal.

Forma de participación: a través da dirección electrónica alcaldia@boiro.gal

Poderanse presentar opinións e suxestións en relación aos puntos relacionados no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Co obxecto de facilitar a participación na consulta pública faise entrega da seguinte información sobre o proxecto normativo:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, A Subdirección Xeral da Enerxía e do Cambio Climático promove, en colaboración con outros órganos municipais, o despregamento dunha infraestrutura de recarga eléctrica de acceso público e adaptada ás necesidades dos usuarios de vehículos eléctricos.

Ao abeiro do Real Decreto-ley 29/2021, de 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables, esta entidade local, coa financiación da subvención concedida pola Secretaria General de Industria do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno de España de “modernización do centro comercial aberto de Boiro”, realizou a contratación da instalación de catro puntos de recarga de vehículos eléctricos.

Na actualidade, a interoperabilidade dos sistemas de xestión do aparcadoiro municipal e dos puntos de recarga atópase configurada. Nembargantes é preciso establecer un prezo para a recarga de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables.

B) A necesidade e oportunidade da súa aprobación, o incremento no número de vehículos híbridos enchufables ou eléctricos no parque móbil que circula no concello de Boiro, fai preciso dotar de puntos de recarga. Para facer fronte aos custes derivados dos puntos de recarga é preciso aprobar o correspondente prezo público.

C) Os obxectivos da nova norma, establecer un importe por custe kW/h por



recarga, e regular o servizo de recarga de vehículos híbridos ou eléctricos.

D) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias, sería a non instalación dos cargadores polo concello, pero xa se atopan instalados o que non sería posible, ou non cobrar polas recargar pero iso produciría un incremento de custes asumidos polo concello, dos que se beneficiarían só os usuarios dese tipo vehículo, e unha merma en ingresos por parte do concello o que podería repercutir nunha baixada na calidade do resto dos servizos que este concello presta.

O texto elaborado de borrador da ordenanza polo servizo de recarga de vehículos eléctricos do Concello de Boiro poderá ser consultado no departamento de Tesourería do Concello, así coma no Anexo desta consulta.

Este proceso de consulta pública non exclúe o previsto no artigo 17 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, para a presentación das reclamacións no trámite de exposición pública, tras a aprobación inicial polo pleno do concello.

En Boiro, na data que figure ao marxe do documento.

O Alcalde

José Ramón Romero García.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

ANEXO

ORDENANZA XERAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

TÍTULO PRIMEIRO.- Disposicións Xerais.

Artigo 1. Fundamento e natureza

A presente ordenanza ten por obxecto regular o prezo público derivado da prestación do servizo de recarga de vehículos eléctricos naqueles puntos de recarga que sexan de titularidade municipal e naqueles nos que o Concello actúe coma operador do punto de recarga.

Artigo 2. Competencia



De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o artigo 48.1 da Lei 24/2016, de 26 de decembro, do sector eléctrico, co artigo 4.1 do Real Decreto 184/2002, de 8 de marzo, polo que se regula a actividade de prestación de servizos de recarga enerxética de vehículos eléctricos, este Concello establece o prezo público para o servizo de recarga de vehículos eléctricos prestado dende diferentes puntos de recarga situados no termo municipal de Boiro e dos que é titular o Concello de Boiro

Artigo 3. Ámbito de Aplicación.

A presente ordenanza será de aplicación e todas as estacións de recarga de titularidade do Concello situadas no termo municipal de Boiro.

Artigo 4. Definicións.

Aos efectos da presente ordenanza sen prexuízo e sempre de acordo co establecido ou que poda establecer a normativa sectorial enerxética aplicable, establécense as seguintes definicións:

1. Vehículo eléctrico: Vehículo de motor equipado con un grupo de propulsión con a lo menos un mecanismo eléctrico non periférico, que funciona coma un convertedor de enerxía e está dotado dun sistema de almacenamento de enerxía eléctrica recargable, que pode recargarse dende o exterior.
2. Infraestrutura de puntos de recarga de vehículos eléctricos: conxunto de dispositivos físicos e lóxicos destinados a recarga de vehículos eléctricos que cumpren cos requisitos de seguridade e dispoñibilidade previstos en cada caso, con capacidade para prestar o servizo de recarga de maneira completa e integral. Unha infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos inclúe as estacións de recarga que se atopen formadas por un ou máis puntos de recarga, o sistema de control, canalizacións eléctricas, os cadros eléctricos de mando e protección e os equipos de medida, onde aqueles sexan exclusivos para a recarga do vehículo eléctrico, así como os protocolos de comunicación e interoperabilidade e un sistema de pagamento para o que non é preciso ningún tipo de contrato, cando aquel sexa de acceso público.
3. Servizo de recarga enerxética de vehículos eléctricos: servizo de recarga enerxética que ten coma función principal o libramento de enerxía título gratuito ou oneroso a través do servizo de carga de vehículo nunhas condición que permitan a carga de maneira eficiente e cun custe mínimo par ao usuario e para o sistema eléctrico.
4. Operador de punto de recarga (CPO): titular dos dereitos de explotación as estacións de recarga de vehículos eléctricos.
5. Empresa provedora dos servizos de mobilidade eléctrica (EMSP): empresa que participa, coma terceiro, na prestación dos servizos de recarga enerxética, sin ser titular da infraestrutura de puntos de recarga de vehículos eléctricos nin dos seus dereitos de explotación.
6. Acordo de Interoperabilidade: acordo suscrito, si procede, entre o operador do punto de recarga (CPO) e a empresa provedores dos servizos de mobilidade eléctrica (EMSP) que permita a prestación efectiva do servizo de recarga enerxética de vehículos eléctricos.



TÍTULO SEGUNDO Obriga de pago e cobro

Artigo 5. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa quen se beneficien dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando os citados puntos de recarga para su uso propio.

Artigo 6. Devindicación.

A obriga de pago do prezo público regulado nesta normativa nace dende que se inicie a prestación do servizo de recarga semirápida ou rápida de vehículos eléctricos, e dicir, co trasvase de enerxía do punto de recarga ao vehículo correspondente ao que lle presta o servizo.

Artigo 7. Xestión e pago.

As cantidades pola prestación do servizo de recarga semirápida ou rápida serán as resultantes do produto do prezo público establecido no artigo 3 pola enerxía eléctrica realmente traspasada, e medida en kilovatios hora (kW-h) a través do contador eléctrico con conta ao efectos no punto de recarga.

O pagamento do prezo público polo servizo de recarga de vehículos eléctricos farase por autoliquidación realizada polos usuarios do servizo a través do pago correspondente realizado segundo os medios físicos ou electrónicos habilitados ao efecto as:

- No caso de **cargadores ubicados na vía pública**: o pago efectuarase previamente ao inicio do proceso de recarga e como medio de pago poderán utilizarse moedeiros electrónicos, tarxetas de crédito ou calquera outro medio dos admitidos en dereito que o Concello de Boiro considere axeitado. Neste caso o Concello facilitará aos usuarios unha aplicación informática descargable para dispositivos móbiles, sexa propia ou de terceiros, mediante a que se poida xestionar e realizar o pago das recargas. O acceso a dita aplicación estará publicitado tanto na páxina web municipal, coma nos propios puntos de recarga.
- No caso de **cargadores situados no aparcamento municipal** o pago realizarase do seguinte xeito:
- Para activar o cargador será preciso colocar o enchufe no cargador do coche.
- Pasar a tarxeta que se recolle ao entrar no aparcamento, pola pantalla da máquina e seleccionar o número de cargador, o número de cargador virá identificado na praza de aparcamento.
- Unha vez se active o coche comenará a cargar a batería, e o cargador quedará bloqueado ata que remate a carga da batería do vehículo.
- Unha vez remate de cargar pasarase a tarxeta de novo pola pantalla da máquina do parking que marcará importe a abonar, o abono realizarase en efectivo.



- No caso de querer interromper a carga antes de que remate, o interesado deberá voltar pasar a tarxeta pola pantalla da máquina do parking e seleccionar para a carga. Nese intre establecerase o importe a abonar que deberá ser abonado para desenchufar o vehículo.

TÍTULO TERCEIRO.- Determinación e actualización do prezo público

Artigo 8. Cantidade.

A cantidade do servizo de recarga semirrápida de vehículos eléctricos fíxase en base ao prezo unitario da enerxía eléctrica realmente trasvasada dende o punto de recarga ao vehículo eléctrico ao que e lle presta o servizo.

Prezo unitario do Servizo de Recarga, IVA incluído, de vehículos eléctricos:

- Servizo de Recarga Semirrápida convencional.....0,40€/kW·h
- Servizo de Recarga nun punto rápido.....0,80€/kW·h

Artigo 9. Procedemento de modificación e actualización dos prezos públicos

1. As propostas de establecemento ou modificación dos prezos públicos deberán ir acompañadas dunha memoria económica-financeira onde se xustifique o custe do servizo, o grado de cobertura financeira daqueles custes, o importe das tarifas eléctricas vixentes e outros elementos indispensables para proceder a determinación dos prezos, como son os custes de operación e mantemento do punto de recarga que ten que asumir o Concello co CPO.
2. A proposta de modificación da contía fixada deberá ser obxecto de aprobación inicial, de información pública por un período mínimo de 30 días, aprobación definitiva e publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, segundo o previsto no artigo 17 no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e continuará vixente ata que non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

